

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                           | Concello | Ano académico |
|----------|----------------------------------|----------|---------------|
| 15026121 | IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas | Oleiros  | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito                     | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|---|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Tecnoloxías da Información e da Comunicación II | 2º Bac. | 4                | 116            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introdución  | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 4             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 9             |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 10            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 10            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 10            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 11            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 11            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 12            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 13            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 14            |
| 9. Outros apartados   | 14            |

## 1. Introdución

Na sociedade actual na que vivimos xorde a necesidade dunha alfabetización dixital que nos permita dominar tanto a linguaxe propia destas tecnoloxías coma o manexo seguro das mesmas. A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación debe ir máis alá tratando que o alumnado desenvolva as competencias necesarias que lle permitan acceder con autonomía, capacidade de adaptación e autoaprendizaxe permanente no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, de xeito que consiga estar preparado para atender ás demandas deste campo de tan rápida evolución. A materia procurará educar ao alumnado na interacción co entorno dixital, cada vez máis presente na nosa sociedade, dun xeito crítico, ético e respectuoso cos demais. Non se poden esquecer os riscos derivados desta interacción, polo que o alumnado desenvolverá técnicas para preservar tanto a súa seguridade, coma a dos equipos e datos cos que traballa.

A proposta da materia contribuirá a desenvolver as competencias do alumnado, facendo que se enfronte a casos e situacions prácticas o máis semellantes posibles á vida cotiá. Deste xeito, potenciaranse as competencias relacionadas coa comprensión e a expresión utilizando ferramentas dixitais para procurar e analizar información, así como para elaborar documentación e presentar os logros conqueridos. A resolución de problemas concretos utilizando a programación permitirá fortalecer as competencias matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. O alumnado profundizará nas técnicas de comunicación audiovisual, imprescindible na sociedade actual, e mellorando a competencia en conciencia e expresión culturais.

As tecnoloxías da información e da comunicación están directamente vencelladas ás destrezas e habilidades esenciais relacionadas coa competencia emprendedora. A metodoloxía activa proposta, vai permitir transformar as ideas en produtos finais, de modo que, a través da aplicación das aprendizaxes traballadas e de estratexias persoais e grupais se consiga a resolución, con éxito, dos problemas e situacions propostas. A materia dota ao alumnado, ademais, de habilidades que están moi recoñecidas e valoradas no mundo laboral actual, nun campo, o das tecnoloxías da información e da comunicación, que supón unha das liñas profesionais con máis perspectivas de futuro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL   | CP  | STEM  | CD    | CPSAA | CC | CE    | CCEC  |
|---|-------|-----|-------|-------|-------|----|-------|-------|
| OBX1 - Entender o papel principal das tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual e o seu impacto nos ámbitos social, económico e cultural para deseñar e planificar soluciones a un problema ou necesidade de forma eficaz e innovadora.                        | 1-2-3 | 3   | 1-2   | 1-2   | 31-40 | 1  | 1-2-3 |       |
| OBX2 - Seleccionar, usar e combinar múltiples aplicacions informáticas para crear producóns dixitais que cumpran uns obxectivos complexos, incluíndo a recollida, a análise, a avaliación e a presentación de datos e información, así como o cumprimento duns requisitos de usuario. | 1-3   |     | 4     | 2-3-5 |       |    |       |       |
| OBX3 - Desenvolver e depurar aplicacions informáticas, analizando e aplicando os principios da programación para crear soluciones a problemas concretos de maneira creativa.  |       |     | 1-2-4 | 2-3   | 31-40 |    | 1-2-3 |       |
| OBX4 - Crear proxectos audiovisuais de maneira creativa utilizando os recursos técnicos necesarios e aplicando os principios da linguaxe audiovisual.   | 2-3   | 2-3 |       | 2-5   | 11    | 1  | 1-2-3 | 31-32 |

| <b>Obxectivos</b>   | <b>CCL</b> | <b>CP</b> | <b>STEM</b> | <b>CD</b> | <b>CPSAA</b> | <b>CC</b> | <b>CE</b> | <b>CCEC</b> |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX5 - Usar os sistemas informáticos e de comunicacíons de forma segura, responsable e respectuosa, protexendo a identidade online e a privacidade, recoñecendo contido, contactos ou condutas incorrectas e sabendo como informar ao respecto. | 1-2-3      |           | 2-5         | 3-5       | 11-12        | 1-3       |           |             |

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

| <b>UD</b> | <b>Título</b>  | <b>Descripción</b>  | <b>% Peso materia</b> | <b>Nº sesiones</b> | <b>1º trim.</b> | <b>2º trim.</b> | <b>3º trim.</b> |
|-----------|--|---|-----------------------|--------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 1         | Seguridade, benestar e cidadanía dixital                 | Xestión de riscos e seguridade na rede. Sinatura dixital. Propiedade intelectual dos recursos dixitais.                             | 10                    | 16                 | X               |                 |                 |
| 2         | Automatización de tratamiento de datos                   | Automatización de datos en follas de cálculo e/ou bases de datos.   | 10                    | 12                 | X               | X               |                 |
| 3         | Linguaxe HTML e CSS e Ferramentas de interacción virtual | Estructuras básicas da linguaxe HTML e CSS. Adalteción dunha web ou blog.   | 10                    | 12                 |                 | X               |                 |
| 4         | Programación   | Introdución á programación orientada a obxectos. Desenvolvemento de aplicacións. Introdución a Git.                                 | 15                    | 18                 |                 | X               |                 |
| 5         | Corrección de imaxes fixas                               | Axustes en imaxes dixitais fixas  | 5                     | 8                  |                 | X               |                 |
| 6         | Efectos visuais (VFX)                                    | Realización de efectos visuais (VFX) na edición de vídeo.   | 5                     | 8                  |                 | X               |                 |
| 7         | Creación e edición de pezas audiovisuais                 | Elaboración de recursos audiovisuais.   | 10                    | 16                 |                 | X               | X               |
| 8         | Proxecto dixital   | O alumnado elixirá profundizar nos contidos dos bloques de Programación ou de Audiovisuais á vez que desenvolve o proxecto dixital. | 35                    | 26                 |                 |                 | X               |

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                      | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 1         | Seguridade, benestar e cidadanía dixital | 16              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA5.1 - Identificar e saber reaccionar ante situacions que representan unha ameaza na Rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións.                         | Identificar situacions que representan unha ameaza na rede                   | TI        | 100      |
| CA5.2 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicóns de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo. | Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet             |           |          |
| CA5.3 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual recoñecendo e respectando as licenzas e dereitos de autoría                            | Coñecer os recursos dixitais e o seu uso legal                               |           |          |
| CA5.4 - Coñecer diferentes métodos de identificación persoal e certificación na rede.   | Coñecer diferentes métodos de identificación persoal e certificación na rede |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |  |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestión de riscos e seguridade da información.</li> <li>- Ciberseguridade: clases de ataques e mecanismos de protección e defensa.</li> <li>- Conectividade de redes locais de forma segura a internet.</li> <li>- Protocolos seguros de interconexión.</li> <li>- Uso e creación de recursos dixitais respectando a propiedade intelectual.</li> <li>- Certificados dixitais e autoridades de certificación. Sinatura dixital.</li> </ul> |  |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                    | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 2         | Automatización de tratamiento de datos | 12              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|                                |                               |           |          |

| <b>Criterios de evaluación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>                  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.2 - Automatizar operacións de tratamiento de datos con folla de cálculo e/ou bases de datos mediante creación de macros e/ou aplicacións. | Automatizar operacións de tratamiento de datos | TI        | 100      |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

| <b>Contidos</b>   |  |
|---|--|
| - Automatización do tratamiento de datos con folla de cálculo e/ou bases de datos: creación de macros e/ou aplicacións para resolver problemas reais. |  |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                                      | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 3         | Linguaxe HTML e CSS e Ferramentas de interacción virtual | 12              |

| <b>Criterios de evaluación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>                                    | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Analizar e comprender a estrutura dunha contorna web respectando a autoría.   | Comprender a estrutura dunha contorna web                        |           |          |
| CA2.3 - Crear contidos de interacción virtual en espazos de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa. | Crear contidos de interacción virtual en espazos de comunicación | TI        | 100      |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

| <b>Contidos</b>   |  |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise de estruturas básicas da linguaxe HTML e CSS. Configuración e adaptación dunha web ou blog.</li> <li>- Ferramentas de interacción virtual para a aprendizaxe na rede.</li> </ul> |  |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4         | Programación        | 18              |

| <b>Criterios de evaluación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|                                |                               |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Desenvolver e programar aplicacións para ordenadores, dispositivos móbiles ou web dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa. | Programar aplicacións para ordenadores, dispositivos móbiles ou web dando solución a problemas definidos | TI        | 100      |
| CA3.2 - Utilizar contornas de programación para deseñar programas que resolván problemas concretos.  | Utilizar contornas de programación para deseñar programas  |           |          |
| CA3.3 - Utilizar plataformas de desenvolvemento colaborativo de software.  | Utilizar plataformas de desenvolvemento colaborativo de software.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |  |  |  |
|--|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Introdución á programación orientada a obxectos: clases, obxectos, atributos e métodos.</li> <li>- Desenvolvemento de aplicacións para ordenadores, dispositivos móbiles e/ou webs.</li> <li>- Uso básico dunha contorna de desenvolvemento: edición de programas e xeración de executables.</li> <li>- Proceso de detección de erros e depuración con axuda de contornas integradas de desenvolvemento. Probas, optimización e validación.</li> <li>- Plataformas de desenvolvemento colaborativo. Introdución a Git.</li> </ul> |  |  |  |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>        | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------------|-----------------|
| 5         | Corrección de imaxes fixas | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|-------------------------------|-----------|----------|
| CA4.1 - Captar e corrixir imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque. | Corrixir imaxes fixas         | TI        | 100      |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |  |  |  |
|---|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Axustes da imaxe fixa: balance de brancos, contraste, brillo e saturación. Corrección de cor. Correccións perspectivas.</li> </ul> |  |  |  |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>   | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 6         | Efectos visuais (VFX) | 8               |

| Criterios de evaluación  | Mínimos de consecución                           | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA4.5 - Crear e integrar unha composición de efectos visuais (VFX) a través de técnicas dixitais no proceso de posproducción dun proxecto audiovisual de maneira creativa. | Crear unha composición de efectos visuais (VFX). | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

| Contidos   |
|--|
| - Realización de efectos visuales (VFX) na edición de vídeo. |

| UD | Título da UD                             | Duración |
|----|--|----------|
| 7  | Creación e edición de pezas audiovisuais | 16       |

| Criterios de evaluación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA4.2 - Analizar e utilizar os recursos expresivos utilizados nas produções audiovisuais, aplicando as técnicas de linguaxe audiovisual que garantem o mantemento da continuidade narrativa. | Analizar os recursos expresivos utilizados nas produções audiovisuais.                    | TI | 100 |
| CA4.3 - Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas, de vídeo e son, mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.                    | Gravar pezas audiovisuais mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual. |    |     |
| CA4.4 - Editar e exportar pezas audiovisuais na liña de tempo dun programa de edición, realizando transicións, elaborando títulos e subtítulos, e sincronizando a imaxe co son.              | Editar e exportar pezas audiovisuais na liña de tempo dun programa de edición.            |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

| Contidos   |
|--|
| - Conceptos espaciais da imaxe: posta en escena, campo e fóra de campo.<br>- Elementos específicos da posproducción: transicións, efectos dixitais e sonorización.<br>- Recursos específicos de linguaxe sonora. Procura e elaboración de recursos sonoros para produtos audiovisuais.<br>- Elaboración de títulos e subtítulos. |

| UD | Título da UD     | Duración |
|----|------------------|----------|
| 8  | Proxecto dixital | 26       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital, buscando e contrastando información de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade.  | Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital.      | TI | 100 |
| CA1.2 - Deseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolván un problema ou que cubran unha necesidade real.  | Desenvolver proxectos dixitais que resolván un problema ou que cubran unha necesidade real. |    |     |
| CA1.3 - Documentar un proxecto dixital empregando as ferramentas axeitadas.  | Documentar un proxecto dixital.   |    |     |
| CA1.4 - Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.   | Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital.                               |    |     |
| CA1.5 - Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, fomentando o traballo en equipo e aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a súa ideación más eficaz, accesible e innovadora posible. | Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, fomentando o traballo en equipo.           |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño creativo de proxectos.</li> <li>- Estratexias de procura crítica de información.</li> <li>- Estratexias, técnicas e marcos de desenvolvemento dun proxecto en diferentes contextos e as súas fases.</li> <li>- Documentación de proxectos.</li> <li>- Comunicación de información e de contidos dixitais en diferentes plataformas.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía a base de traballos prácticos e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

Os traballos prácticos permitirán ao alumnado coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián. Estas actividades prácticas facilitarán mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas más axeitadas para producir materiais dixitais de diversos tipos, así como crear aplicacións que resolván problemas concretos.

Os traballos prácticos estarán deseñados para favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo. O profesor/a servirá de guía desde tarefas sinxelas ata proxectos más complexos que permitan o seu logro e a satisfacción do alumnado.

Na realización de todos os traballos prácticos farase fincapé no respecto polas licenzas e dereitos de autor.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais promoverá a liberdade de expresión e o respecto polos demás aplicando as normas da etiqueta dixital.

En todo momento do curso o alumnado implicarase no mantemento da seguridade, tanto da súa persona como da información e dos equipos cos que traballa.

Realizarase un proxecto final baseado en programación ou na creación de contidos audiovisuais. Esta actividade permite que a materia sexa flexible e adaptable aos diferentes intereses e motivacións do alumnado, de xeito que poda ter un enfoque máis técnico ou máis artístico-creativo segundo o grupo de alumnado.

Os métodos de traballos utilizados, terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Así mesmo

estes métodos favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Ordenadores das aulas de informáticas- dispositivos dixitais   |
| Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre. |
| Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.   |
| Aula virtual do centro.  |

Cada alumno/a tendrá acceso en todas as clases a un ordenador, no que se atopen instalados todos os programas informáticos necesarios e terá tamén conexión de Internet. Tamén cada alumno/a terá acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaráse unha pequena proba práctica no ordenador ao comienzo de curso, para avaliar os coñecementos básicos relacionados coa materia e adqueridos nos anos anteriores ou por experiencia propia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5     | UD 6     | UD 7      | UD 8      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>5</b> | <b>5</b> | <b>10</b> | <b>35</b> | <b>100</b> |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 100       | 100       | 100       | 100       | 100      | 100      | 100       | 100       | <b>100</b> |

### Criterios de cualificación:

#### ONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total en cada UD: 100%

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 evaluacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliação. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 evaluacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da cualificación final da avaliação ordinaria do curso: 30% 1<sup>a</sup>aval + 35% 2<sup>a</sup>aval + 35% 3<sup>a</sup>aval

Cálculo da cualificación final da avaliación extraordinaria do curso: nota obtida na proba obxectiva de recuperación extraordinaria, realizada no ordenador.

### **Criterios de recuperación:**

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

Se un alumno ou alumna non supera unha avaliación, realizarase unha proba obxectiva escrita para a recuperación da avaliación. Só será necesario examinarse da unidade ou unidades didácticas non superadas. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades. A cualificación final desa avaliación terá en conta a nota das unidades recuperadas e as anteriores notas das unidades aprobadas con anterioridade.

Nas últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, poderá realizar unha recuperación final onde o alumnado deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

O alumnado que non a cursara o ano pasado a materia TIC I, e polo tanto matriculado neste ano, terá a mesma nota obtida no curso TIC II.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Entre outras, contémplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdobramento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado tutor.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura                   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                 | X    |      |      |      |      |      | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       |      | X    | X    |      |      |      |      | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X    |      | X    | X    |      |      | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         |      | X    | X    | X    |      |      |      | X    |

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.8 - Igualdade de xénero                                     |      |      |      |      |      |      |      | X    |
| ET.9 - Creatividade  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Educación para a saúde                                 | X    |      |      |      |      |      |      |      |
| ET.11 - Formación estética                                     |      |      |      |      |      |      |      | X    |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | X    |      | X    |      | X    | X    | X    | X    |
| ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais              |      |      |      |      |      |      |      | X    |

**Observacións:**

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaaxe técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo e cooperación entre iguais: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                                  | Descripción                                 | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Saídas didácticas relacionadas coa materia. | Saídas didácticas relacionadas coa materia. |          | X        |          |

**Observacións:**

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desdenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

## **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

| <b>Indicadores de logro</b>  |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.  |
| A selección e temporalización de contidos foi axeitada.  |
| As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.   |
| As actividades complementarias cumplieron os obxectivos cos que foron propostas.   |
| Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.                             |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos   |
| Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.  |
| Medidas de atención á diversidade  |
| Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica.... |
| As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.   |
| Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.                              |
| Clima de traballo na aula  |
| O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.  |
| Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.   |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais   |
| Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.      |
| Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.   |

### **Descripción:**

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliação do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliação e propostas de mellora**

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliação da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliação da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

## **9. Outros apartados**